



CONCELLO DE BUEU

**ESTUDIOS PREVIOS PARA O CONCURSO DE
CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE
VEHÍCULOS E MAQUINARIA: DÚAS FURGONETAS,
DOUS REMOLQUES, UN VEHÍCULO CON GRÚA E
UN TURISMO PARA POLICÍA LOCAL.**



CONCELLO DE BUEU.

ASISTENCIA TÉCNICA: LAGARES OCA

EQUIPO REDACTOR

JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ FERREIRA

Euroenxeñeiro

Enxeñeiro Agrónomo

Enxeñeiro T. Industrial

Técnico Superior en Urbanismo

Master en Medio Ambiente Urbano

FRANCISCO JAVIER CENTENO AMEIJERAS

Enxeñeiro T. Agrícola

Master en Xestión Ambiental

JOSÉ FERREIRA MARQUINA

Economista

OUTUBRO 2012



Estudios previos para o concurso de contratación do subministro de vehículos e maquinaria: dúas furgonetas, dous remolques, un vehículo con grúa e un turismo para policía local.

Índice xeral

ÍNDICE XERAL

PARTE I: ESTUDIO ECONOMICO-FINANCEIRO

PARTE II: PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS (BORRADOR).



Estudios previos para o concurso de contratación do subministro de vehículos e maquinaria: dúas furgonetas, dous remolques, un vehículo con grúa e un turismo para policía local.

*Parte I:
Estudio económico-financiero*

PARTE I:

ESTUDIO ECONOMICO-FINANCEIRO



ESTUDIO ECONOMICO-FINANCIERO PARA O CONTRATO DE DO SUBMINISTRO DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA: DÚAS FURGONETAS, DOUS REMOLQUES, UN VEHÍCULO CON GRÚA E UN TURISMO PARA POLICÍA LOCAL

ÍNDICE

CAPITULO 1.- CONSIDERACIÓNS XERAIS.

CAPITULO 2.- PREZOS UNITARIOS.

- 2.1.- Prezos unitarios dos vehículos.
- 2.2.- Prezos substitución.
- 2.3.- Prezos de revisión e mantemento.
- 2.4.- Outros prezos.

CAPITULO 3.- PRESUPOSTO PARCIAL DA LICITACIÓN.

CAPITULO 4.- PRESUPOSTO TOTAL DA LICITACIÓN



CAPITULO 1.- CONSIDERACIÓNS XERAIS.

No desenvolvemento do estudio economico-financieiro detállanse uns Prezos Unitarios, que son a base para os posteriores cálculos. Os prezos das operacións de mantemento foron obtidos, partindo dos valores medios do sector.

- Prezos unitarios dos vehículos.
- Prezos unitarios dos mantementos.
- Outros prezos unitarios.

Posteriormente elaborase un cadro-resumo, onde se especifican a aplicación dos distintos custes para cada tipo de vehículo.

Para o cálculo dos custes de financiamento realizáronse en base a un interese do 7%, tendo en conta a amortización total menos o valor residual estimado.

O valor residual obtense da depreciación a catro anos, por cada tipo de vehículo, segundo as estatísticas publicadas por EUROTAXGLASS a outubro de 2012.

Ademais do custe de financiamento inclúense os seguintes custes a asumir polo adxudicatario da licitación:

- Custe de substitución.

Neste custe establécese, que naquelas situacións onde o vehículo requira estar máis de dous días en reparación, no caso dos vehículos de tipo A ou máis de cinco días, para os vehículos tipo B e C, o adxudicatario está obrigado a substituír o vehículo por outro similar a súa costa.



- Custe de revisións de mantemento.

As revisións de mantemento deberán ser segundo establece o fabricante do vehículo en cuestión, onde efectuaranse as labores de controis, requiridas para manter en vixencia a garantía, e a comprobación recomendada polo fabricante referidos a mecánica e a seguridade.

Os custes destas revisións aínda que son diferentes para cada marca, establécese un prezo medio, referido ás revisións cada 10.000 quilómetros.

- Custe de cambio de pneumáticos.

Estímase que como mínimo realizarase o cambio das catro rodas cada 30.000 quilómetros, é dicir, unha vez durante o período de arrendamento. Os prezos expostos son unha media respecto de cada marca de pneumático.

- Reparacións anuais sen garantía.

Tendo en conta, que o vehículo terá unha garantía do fabricante de dous anos, e un seguro a todo risco, para as reparacións por conta do arrendador estimaranse para cada tipo de vehículo, unha media anual.

- Custe de seguros e impostos.

Corren por parte do arendador os seguros e impostos que se requiran para a posta en circulación do vehículo. Aplícanse custes medios para cada tipo de vehículo.



CAPITULO 2.- PREZOS UNITARIOS.

2.1.- Prezos unitarios dos vehículos.

Aplicándose o prezo medio do mercado para cada tipo de vehículo, incluíndo o IVE do 21%:

	TIPO A (€)	TIPO B (€)	TIPO C (€)	TIPO D (€)
PVP VEHÍCULOS	19.000	60.000 ⁽¹⁾	27.000 ⁽²⁾	1.500

⁽¹⁾Incluíndo adaptación grúa.

⁽²⁾Incluíndo adaptación policía.

2.2.- Prezos substitución.

Aplicase exclusivamente un prezo de 50€/ xornada para o vehículo tipo A, pois considérase que será o único onde sería necesaria a súa substitución, a lo menos dez días ao ano, debido a tempos de reparación superiores a 48 horas. No caso de vehículos tipo B ou C, pártese de que non requirirán tempos superiores as cento vinte horas ao longo do contrato.

2.3.- Prezos de revisión e mantemento.

Aplicanse prezos medios para cada tipo de vehículo, incluíndo o 21% de IVE.



	TIPO A (€)	TIPO B (€)	TIPO C (€)	TIPO D (€)
Custe de mantemento visita C/10.000 Km	200	500	165	50
Cambio pneumáticos	400	800	400	200
Reparacións anuais sen garantía	300	500	300	200

2.4.- Outros prezos.

Aplicando prezos medios para cada tipo de vehículo incluíndo o 21% de IVE.

	TIPO A (€)	TIPO B (€)	TIPO C (€)	TIPO D (€)
Seguro todo risco	600	1200	600	100
Asistencia 24 horas	200	300	200	-
Revisión ITV	60	250	60	15,00
Impostos de circulación	70	100	70	-



CAPITULO 3.- PRESUPUESTO PARCIAL DA LICITACIÓN.

3.1.- Custe total vehículo tipo A:

		VEHICULO A (FURGONETA)			
		ESTUDIO DE RENTING			
XERAIS		CUSTO UNITARIO	valor residual	CUSTO ANUAL r=7%	
		CUSTO DE VEHICULO	19.000,00	4.500,00	4.280,81 €
		SUSTITUCIÓN (48 H)	50 €/xornada		500,00
MANTEMENTO		CUSTO UNITARIO	Uds	CUSTO ANUAL	
		REVISIÓNS DE MANTEMENTO C/ 10.000 Km	200,00	4,00	800,00
		CAMBIO DE NEUMÁTICOS C/30.000 Km	400,00	1,00	400,00
		REPARACIÓNS ANUAIS (sen garantía)	300,00	1,00	300,00
OUTROS CUSTOS		CUSTO UNITARIO	Uds	CUSTO ANUAL	
		SEGURO A TODO RISCO	600,00	1,00	600,00
		ASISTENCIA EN ESTRADA 24 H	200,00	1,00	200,00
		REVISION ITV	60,00	0,25	15,00
		IMPOSTO DE CIRCULACIÓN	70,00	1,00	70,00
		custo anual (vehículo A)		7.165,81	



3.2.-Custe total vehículo tipo B:

		VEHICULO B (CAMIÓN CON GRUA)		
		ESTUDIO DE RENTING		
		CUSTO UNITARIO	valor residual	CUSTO ANUAL
XERAIS	CUSTO DE VEHICULO	30.000,00	12.000,00	5.314,11 €
	CUSTO DE ACCESORIOS	30.000,00	-	8.856,84 €
	SUSTITUCIÓN (48 H)	-		-
MANTEMENTO		CUSTO UNITARIO	Uds	CUSTO ANUAL
	REVISIÓNS DE MANTEMENTO C/ 10.000 Km	500,00	4,00	2.000,00
	CAMBIO DE NEUMÁTICOS C/30.000 Km	800,00	1,00	800,00
	REPARACIÓNS ANUAIS (sen garantía)	500,00	1,00	500,00
OUTROS CUSTOS		CUSTO UNITARIO	Uds	CUSTO ANUAL
	SEGURO A TODO RISCO	1.200,00	1,00	1.200,00
	ASISTENCIA EN ESTRADA 24 H	300,00	1,00	300,00
	REVISION ITV	250,00	0,25	62,50
	IMPOSTO DE CIRCULACIÓN	100,00	1,00	100,00
		custo anual (vehículo B)		19.133,45



3.3.-Custe total vehículo tipo C:

		VEHICULO C (TURISMO POLICIA)		
		ESTUDIO DE RENTING		
		CUSTO UNITARIO	valor residual	CUSTO ANUAL
XERAIS	CUSTO DE VEHICULO	19.000,00	5.000,00	4.133,19 €
	CUSTO DE ADAPTACIÓN	8.000,00	-	2.361,82 €
	SUSTITUCIÓN (48 H)	-	-	-
MANTEMENTO		CUSTO UNITARIO	Uds	CUSTO ANUAL
	REVISIÓNS DE MANTEMENTO C/ 10.000 Km	165,00	4,00	660,00
	CAMBIO DE NEUMÁTICOS C/30.000 Km	400,00	1,00	400,00
	REPARACIÓNS ANUAIS (sen garantía)	300,00	1,00	300,00
OUTROS CUSTOS		CUSTO UNITARIO	Uds	CUSTO ANUAL
	SEGURO A TODO RISCO	600,00	1,00	600,00
	ASISTENCIA EN ESTRADA 24 H	200,00	1,00	200,00
	REVISION ITV	60,00	0,25	15,00
	IMPOSTO DE CIRCULACIÓN	70,00	1,00	70,00
		custo anual (vehículo C)		8.740,02



3.4.-Custe total vehículo tipo D:

		VEHICULO D (REMOLQUE)		
		ESTUDIO DE RENTING		
XERAIS		CUSTO UNITARIO	valor residual	CUSTO ANUAL
	CUSTO DE VEHICULO	1.500,00	300,00	354,27 €
	SUSTITUCIÓN (48 H)			
MANTEMENTO		CUSTO UNITARIO	Uds	CUSTO ANUAL
	REVISIONS DE MANTEMENTO C/ 10.000 Km	50,00	4,00	200,00
	CAMBIO DE NEUMÁTICOS C/30.000 Km	200,00	0,25	50,00
	REPARACIÓNS ANUAIS (sen garantía)	200,00	1,00	200,00
OUTROS CUSTOS		CUSTO UNITARIO	Uds	CUSTO ANUAL
	SEGURO A TODO RISCO	100,00	1,00	100,00
	ASISTENCIA EN ESTRADA 24 H	-	1,00	-
	REVISION ITV	60,00	0,25	15,00
	IMPOSTO DE CIRCULACIÓN	-	1,00	-
		custo anual (vehículo D)		919,27

Nota: os precios reflectidos teñen o IVE repercutido do 21%.



CAPITULO 4.- PRESUPUESTO TOTAL DA LICITACIÓN

RESUMO DO CUSTO DA LICITACION			
	Nº UDS.	CUSTO DE RENTING	TOTAL
VEHÍCULO A (FURGONETA)	2,00	7.165,81	14.331,62
VEHICULO B (CAMIÓN CON GRUA)	1,00	19.133,45	19.133,45
VEHICULO C (TURISMO POLICIA)	1,00	8.740,02	8.740,02
VEHICULO D (REMOLQUE)	2,00	919,27	1.838,55
	TOTAL		44.043,63
		Bº INDUSTRIAL (6% do total sen iva)	2.183,98
		GTOS XERAIS (3% do total sen iva)	1.091,99
		TOTAL RENTING/ANO	47.319,60



CAPITULO 5.- CUSTO POR QUILOMETRO DA LICITACIÓN

Partindo dos datos obtidos, os custes anuais de mantemento dos vehículos de tipo A, B e C, resultan os custes seguintes por quilómetro:

	CUSTE ANUAL	CUSTE/Km.
TIPO A	600 €	0,03
TIPO B	1.400 €	0,07
TIPO C	830 €	0,04

O que supón que tanto o exceso dos quilómetros predefinidos como o defecto, pódese establecer estes prezos de compensación.



Estudios previos para o concurso de contratación do subministro de vehículos e maquinaria: dúas furgonetas, dous remolques, un vehículo con grúa e un turismo para policía local..

*Parte II:
Prego de cláusulas técnicas*

PARTE II:

**PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS PARA
ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO
DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA: DÚAS
FURGONETAS, DOUS REMOLQUES, UN VEHÍCULO
CON GRÚA E UN TURISMO PARA POLICÍA LOCAL.**



PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS PARA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE VEHÍCULOS E MAQUINARIA: DÚAS FURGONETAS, DOUS REMOLQUES, UN VEHÍCULO CON GRÚA E UN TURISMO PARA POLICÍA LOCAL.

1.-OBJECTO DO CONTRATO

O obxecto da presente licitación é:

- a) O subministro de vehículos mediante a modalidade de arrendamento con opción de compra de dúas furgonetas, dous remolques, un vehículo con grúa e un turismo equipado para policía local, durante un período de 48 meses tralos que o concello poderá exercer a opción de compra e un ou varios vehículos. A opción de compra exercitarase en base ao valor residual dos vehículos aportados.
- b) A xestión e servizos necesarios para asegurar o funcionamento dos vehículos que poidan ser obxecto de arrendamento, o seu mantemento preventivo, reparación, substitución de pezas e cobertura de riscos.



2.-CONDICIÓN E CONCEPTOS DO CONTRATO

2.1.- CARACTERÍSTICAS XERAIS

Os vehículos serán novos e matriculados a nome do arrendador en perfecto estado de circulación, tanto funcional como administrativamente.

Os vehículos cumprirán as características mínimas reflectidas no anexo deste prego. Os quilómetros anuais límite serán para tódolos vehículos 20.000.

A entrega de cada vehículo conlevará á do permiso de circulación, tarxeta de inspección técnica, recibo do seguro, xustificantes de pago dos impostos que procedan, así como a dotación de repostos e ferramentas legalmente esixidos, para a súa circulación. Tales documentos poderán aportarse mediante copias debidamente compulsadas polo organismo ou entidade que expida o orixinal.

2.2.- CONDICIÓN DO MANTEMENTO.

O mantemento integral de todos os vehículos obxecto do concurso durante a vixencia do contrato correspondente, incluídas prórrogas se as houberse, sen limitacións de tempo, quilómetros ou calquera outra circunstancia que previamente non se fixese constar na oferta e se incluíse no contrato, incluídas as seguintes operacións:

- Número de revisións periódicas que estableza a marca do vehículo.
- As reparacións en todas as avarías que se produzan polo desgaste debido ao uso de cada vehículo, en calquera dos seus elementos ou compoñentes tanto mecánicos como polo habitáculo interior.
- A substitución de pneumáticos necesarios durante a vixencia do contrato.
- En todos os casos os prazos de reparación máximo serán de:



- ~ 24 horas en reparacións de mantemento
- ~ 48 horas en reparacións mecánicas (vehículo tipo A).
- ~ 120 horas en reparacións mecánicas (vehículos tipo B e C).

Quedando excluído unicamente os lavados e o combustible para o seu funcionamento.



2.3.- QUILOMETRAXE MÍNIMO ANUAL A INCLUÍR NA OFERTA.

TIPO A	20.000 Km/ano
TIPO B	20.000 Km/ano
TIPO C	20.000 Km/ano

Actuación en caso de avarías/revisión

O concello de Bueu notificará documentalmente por Fax ou correo electrónico a existencia dunha avaría ou necesidade de reparación en calquera dos vehículos contratados, tanto nos seus elementos mecánicos e/ou compoñentes incluídos no vehículo no momento da entrega, e tamén do equipamento. A empresa adxudicataria está obrigada, nun prazo máximo de 8 horas, a determinar a aprobación da reparación, o taller que a efectuará e o tempo aproximado que o vehículo estará fóra de servizo.

Para aquelas ocasións, en que a reparación supere os 2 días naturais no caso de vehículos tipo A, ou 5 días no caso dos vehículos tipo B e C, a empresa adxudicataria poñerá a disposición do Concello de Bueu, un vehículo de substitución de características similares ao vehículo en reparación, sen custo económico ningún para o concello.

Condições do uso:

- Solicitar coa antelación suficiente as revisións de mantemento descritas polo fabricante do vehículo.
- Comunicar calquera avaría incipiente, con independencia de que afecte á seguridade do vehículo.



- No caso de que a avaría fose do conta quilómetros, calcularase o percorrido diario igual á media dos últimos trinta días
- Facilitar a vixilancia das reparacións por conta do adxudicatario para os fins que considere oportunos. Se nalgún caso, se observase negligencia suspenderase a reparación ata que sexa comprobada polos técnicos do concello.
- As sancións que puidesen derivar do estado do vehículo e da documentación deste, serán por conta do adxudicatario, especialmente neste último caso.
- As sancións restantes, e as que se puidesen derivar da condución, serán por conta do Concello, ou do condutor do vehículo, segundo os casos. As devanditas sancións, se é o caso, deberán ser comunicadas documentalmente en tempo e forma para poder ser recorridas, se ten lugar.
- Á finalización do contrato examinaranse os vehículos a devolver por representantes autorizados de ambas as dúas partes. En calquera caso os posibles danos que presenten os vehículos en chapa, pintura, gornecidos, tapizaría, etc, consecuencia do desgaste do uso normal do vehículo non poderán ser obxecto de reclamación económica algunha por parte da empresa adxudicataria.

2.4.- PÓLIZA DE SEGURO

Todos os vehículos obxecto deste contrato deben dispoñer dunha póliza de seguros todo risco que conteñan, como mínimo, as seguintes coberturas:

- Responsabilidade civil obrigatoria.
- Responsabilidade civil voluntaria ilimitada.
- Danos propios sufridos polo vehículo e os seus accesorios.



- Danos por colisión.
- Ocupantes, Defensa e Reclamación de danos.
- Roubo do vehículo.
- Rotura de lúas.
- Asistencia en estrada 24 horas., de cobertura nacional.
- Xestión de multas.

En caso de que calquera vehículo obxecto deste concurso sexa declarado SINISTRO TOTAL, con informe pericial autorizado, en calquera mes, dentro do período total contratado, incluído prórrogas se as houberse, proverase ao Concello de Bueu dun vehículo de características idénticas (modelo e versión) de primeira matriculación que o substitúa, a indemnización polo sinistrado máis os seus restos, pasarán ao adxudicatario, e o concello seguirá co substituto, computándose os quilómetros deste, coma se se tratase do primeiro vehículo e sumando os quilómetros que tivese feito.

A póliza particular de cada vehículo, xunto ao recibo, considérase documentación básica que deberá ser entregada co propio vehículo. No caso de que os recibos non sexan de carácter anual deberán entregarse por rexistro no concello como mínimo, 7 días antes da súa entrada en vigor.

2.5.- VALOR RESIDUAL

Todas as ofertas económicas para cada un dos tipos de vehículos descritos no presente prego, deberán facer constar o valor residual do vehículo á finalización do seu contrato, sendo este valor económico inalterable durante a vixencia do contrato. Tan só en caso de prorrogarse o prazo de vixencia, por calquera causa, revisariábase ese valor residual pero sempre á baixa.



3. CONDICIÓN S ECONÓMICAS

O total do custe do renting será 47.319,60 €/ano.

O custe por quilómetro como pago para o suposto , tanto dos quilómetros non efectuados como para os realizados en exceso será en torno ós reflectidos no apartado 5 do estudio económico.

	CUSTE ANUAL	CUSTE/Km.
TIPO A	600€	0,03
TIPO B	1.400€	0,07
TIPO C	830€	0,04



Estudios previos para o concurso de contratación do subministro de vehículos e maquinaria: dúas furgonetas, dous remolques, un vehículo con grúa e un turismo para policía local..

*Parte II:
Prego de cláusulas técnicas*

ANEXO

- **CARACTERÍSTICAS VEHÍCULO TIPO A.**
- **CARACTERÍSTICAS VEHÍCULO TIPO B.**
- **CARACTERÍSTICAS VEHÍCULO TIPO C.**
- **CARACTERÍSTICAS VEHÍCULO TIPO D.**



CARACTERÍSTICAS VEHÍCULO TIPO A

Número de unidades: 2

Tipo de vehículo: furgoneta tipo Berlingo, Partner ou similar, con 5 prazas e 4 portas, caixa de cambios manual 5 velocidades ou superior.

Motor: Diésel ou diésel de inxección directa de cilindrada non inferior a 1.500 cc e potencia non inferior a 90 CV. Axustado a normativa de emisións EURO 4, ou Motor. - Gas Natural (bi-combustible) que teñan unhas emisións inferiores a 160 gr de CO₂/Km, equiparables aos motores diésel ou de inxección directa.

Dimensións: lonxitude entre 4.100 mm.-4.600 mm., anchura entre 1.700 mm. e 2.050 mm. e altura entre 1.750 mm.-1.850 mm. (sen contar porta equipaxe)

Carga, con portas corredizas acristaladas en ambos os dous laterais do vehículo.

Equipamento:

- Dirección asistida.
- Aire acondicionado / climatizado.
- Dobre AIRBAG FRONTAL (conductor e acompañante)
- Enganche para remolque de 750 Kg homologada e coa ITV pasada.
- Portavultos superior completo.
- Protector do cárter, en chapa de aceiro con tratamento anticorrosiva.
- Alfombras interiores de goma para facilitar o lavado.

Pintura e rotulación: Branco con rotulación do concello.



CARACTERÍSTICAS VEHÍCULO TIPO B

Número de unidades: 1

Tipo de vehículo: LAND ROVER, NISSAN OU SIMILAR CHASIS CABINA FIXA. Transformación: Transformación: Brazo telescópico con cesta. Mínimo 13 m.

Motor: Diésel ou diésel de inxección directa de cilindrada mínima 2.200 cc. e potencia non inferior a 110 CV. Peso máximo 3.500 kg Axustado a normativa de emisións EURO 4, ou Motor. - Gas Natural (bi-combustible) que teñan unhas emisións inferiores a 160 gr de CO₂/Km, equiparables aos motores diésel ou de inxección directa.

Dimensións. - lonxitude mínima 4.500 m, anchura máxima do vehículo 1.900 m e máximo de ancho cos estabilizadores 3.350 m.

Equipamento mínimo:

- Dirección asistida.
- Aire acondicionado / climatizado.
- Dobre AIRBAG FRONTAL (conductor e acompañante)
- Enganche para remolque de 3500 Kg homologada e coa ITV.
- Alfombras interiores de goma para facilitar o lavado.
- Caixa de primeiros auxilios de primeiros auxilios.
- 2 chalecos de maia fluorescente amarelo bicolor.
- Dispositivo de sinalización de estabilizadores non en descanso.
- Armario de ferramentas con acceso lateral, ámbolos dous lados.
- Dous estabilizadores anteriores sobre soportes extensibles.
- Dous estabilizadores posteriores.
- Preferentemente, tracción nas 4 rodas.

Dispositivos de seguridade:



- Bloqueo de brazo coa máquina non estabilizada.
- Bloqueo de estabilizadores coa máquina aberta.
- Dispositivo na rotación auto bloqueadora.
- Bomba a man para a baixada de emerxencia.
- Protección con válvula de máx. no circuíto hidráulico.
- Protección térmicas na instalación eléctrica.
- Válvulas de bloqueo en todos os cilindros.
- Nivelación automática da cesta
- Luz rotativa amarela

Características da cesta:

- Cesta de fibra
- Brazo telescópico en aceiro.
- Altura de traballo de 15 metros, como mínimo.
- Alcance horizontal de 9 metros, como mínimo.
- Rotación da torre 360°.
- Rotación da cesta por hidráulica 90° dereita e 90° esquerda.
- Mandos hidráulicos proporcionais dende a cesta e chan.
- Cesta de aluminio para traballos eléctricos.
- Tamaño de cesta 1400 x 700 x 1100 mm.
- Carga útil cesta 200 kg, mínimo
- Limitador de carga na cesta.
- Toma eléctrica 220 V. monofase na cesta.

Pintura e rotulación: Branco con rotulación do concello.



CARACTERÍSTICAS VEHÍCULO TIPO C

Número de unidades: 1

Tipo de vehículo: Turismo, con 5 prazas e 4 portas, caixa de cambios manual 5 velocidades ou superior con transformación e equipación para policía local.

Motor: Diésel ou diésel de inxección directa de cilindrada non inferior a 1.500 cc e potencia non inferior a 90 CV. Axustado á normativa de emisións EURO 4, ou Motor. - Gas Natural (bi-combustible) que teñan unhas emisións inferiores a 160 gr de CO₂/Km, equiparables aos motores diésel ou de inxección directa.

Dimensións: Lonxitude non superior a 4.100 mm., anchura no inferior a 1.700 mm. e unha altura non superior a 1.850 mm.

Equipamento mínimo:

- Dirección asistida.
- Aire acondicionado ou climatizado.
- Como mínimo dobre AIRBAG FRONTAL (conductor e acompañante).
- Eleveluas eléctricos ás dúas xanelas dianteiras.
- Peche centralizado con mando a distancia así como peche do maletreiro ao iniciar a marcha.
- Radio

Equipamento de emerxencia:

Ponte de sinalización prioritaria marca VAMA, MODELO VISTA SOLARIS ou similar de 1.100 mm., de lonxitude, en forma ovalada, con dous niveis de luces, nivel superior en cor azul, nivel inferior cor cristal, 12 V., con la seguinte configuración:



Nivel superior:

- 26 módulos de 3 leds cada un (78 leds) de 3 watos de emisión de luz azul, como luces prioritarias homologadas segundo o Regulamento R65. Cada módulo dispón dun reflector semiparabólico de policarbonato metalizar, dispostos perimetralmente sobre unha placa horizontal de circuíto imprimido.
- 1 Amplificador serea de 100 W., con tres tons de serea e megafonía, con tecnoloxía CAMBUS, incorporado na ponte.
- 1 Altofalante de 100 W., incorporado na ponte.

Nivel inferior:

- 4 módulos de tres leds de 3 W., cada un, frontais con emisión de luz branca.
- 6 módulos de tres leds de 3 W., cada un, laterais con emisión de luz branca.
- 2 módulos de tres leds de 3 W., cada un, con emisión de luz vermella intermitente en la parte frontal da ponte para la función de "Luz de pare".
- 9 módulos de tres leds de 3 W. cada un, traseiros con emisión de luz ámbar para desvío do tráfico.

A ponte incorporará un sistema de conector teito estanco para unha conexión rápida, e fixacións a teito do vehículo.





O control da ponte, luces perimetrais, amplificador serea, son controlados mediante tecnoloxía CAN BUS, a través dunha botoeira única con 15 teitas de doado manexo, con teclado retro iluminado e timbre ao activar as teclas de control.

Accesorios policiais:

- Soporte porras.
- Foco microled perimetrais dianteiros e portón.
- Kit montaxe leds
- Caixa de primeiros auxilios
- Extintor 6 Kg.
- Soporte extintor.
- Martelo rompe lúas.
- Manta tipo muleton
- Rotulación.
- Tintado de lúas
- Lámpada lector de mapas



CARACTERÍSTICAS VEHÍCULO TIPO D

Número de unidades: 2

Tipo de vehículo: Accesorio remolque con capacidade para unha carga superior a MMA=500 Kg. cun so eixe, con roda superior a 165 con medidas da caixa superiores a 200x100 cm².

Deberá ter roda "Jockey", roda de reposto e material eléctrico básico (luces e conexións co vehículo).